

# Oración pola paz

30 de xaneiro de 2004  
Día Internacional da Paz

**Noso Pai que estás no ceo,**  
pisando a Lúa e explorando Marte.  
Robot *Spirit* marciano, envíanos flashes de luz  
que nos iluminen o camiño do entendemento e da paz.  
Señores todopoderosos, que dispoñedes do capital  
e das vidas de millóns de persoas no planeta,  
contaxiádevos co virus da solidariedade e da igualdade.

**Santificado sexa o teu nome**  
e o nome de quen pretende construír un mundo xusto, máis humanitario.  
Pedimos que non se torture nin se mate no teu nome;  
que desaparezan os fundamentalismos de calquera relixión.

**Veña o teu reino**  
e instálese no corazón e no cerebro das persoas.  
Un reino de paz, con cabida para todos.  
Onde os nenos non perdan a inocencia ou a vida  
antes do tempo natural.  
Un reino con caras felices; sen nenos maltratados,  
escravizados, abandonados á fame, á mendicidade,  
á ignorancia, á droga ou á desgracia.  
Un reino fraternal, de diálogo e tolerancia;  
sen analfabetos que non se poden defender.  
Queremos un século mellor có pasado,  
sen guerras mundiais nin rexionais,  
sen xenocidios nin holocaustos nazis,  
sen matanzas nin asasinatos de afganos, chechenos,  
vietnamitas, ruandeses, iranianos, iraquís...  
Un reino sen racismo, nin discriminación, nin dictaduras,  
sen pateras de bebés e adultos afogados,  
sen exterminio de especies nin bosques queimados,  
Un reino con fogares acolledores para todos,  
de sorrisos infantís e brazos abertos.

**E fágase a túa vontade**  
e a vontade dos que constrúen a paz,  
así en Galicia e España coma no mundo.  
Fágase a vontade dos que non menten,  
nin declaran guerras preventivas,  
nin buscan armas de destrucción masiva inexistentes.  
Non se faga a vontade do presidente de USA,  
que acumula máis armas có resto do mundo xunto,  
e sementa dor e morte por intereses económicos.

**Dános hoxe o noso pan de cada día.**

E dánolo sempre, a nós, afectados de consumopatía,  
e tamén ós que teñen fame de alimentos,  
fame de cariño e amizade; de cultura e dignidade.  
Sede de xustiza e solidariedade, de fraternidade e igualdade.

**Perdoa as nosas ofensas,**

cando non somos pacíficos e discriminamos,  
cando somos egoístas e non tendemos a man,  
cando non compartimos, somos hipócritas e cínicos.

**Como tamén perdoamos nós a quen nos ten ofendido.**

A quen di defender a paz declarando a guerra.  
A quen vende armas e se enriquece coa miseria dos demais.  
A quen finxe ignorancia para non comprometerse.  
A quen di defender o ambiente e promove contaminación.

**E non nos deixes caer na tentación:**

De pensar que todos somos ricos.  
De entregarnos ó feroz consumo.  
De pensar que somos os mellores.  
De crer que só nós temos a verdade.

**Mais líbranos do mal,**

disfrazado de formas enganosas.  
Líbranos dos falsos gardiáns do universo.  
Dos que din defender as liberdades e arrebatan dereitos fundamentais.  
Da violencia que sofren numerosos países do planeta.  
Dos dictadores e dos seus crimes.  
Da mediocridade e da corrupción.  
Das propagandas ilegais e da televisión vasura.  
Do chapapote que non se vai ou nos visita cada pouco.  
Líbranos da reválida que vén  
e das probas que cada universidade porá para admitirnos.  
Líbranos tamén do capitalismo de ficción que nos envolve.

**Queremos ser pacíficos.**

Queremos un futuro de pobos unidos.  
Queremos soñar un mundo novo.  
Queremos ser o que soñamos.  
Queremos gozar do mundo que soñamos e non vemos.

Amén.

**Colectivo 6º B.**